

## Nomenclatura das aves do concello de Ames

CARLOS PEDREIRA LOPEZ  
M<sup>a</sup> ISABEL COSTOYA HERNANDEZ  
FLORA LOPEZ PEREZ  
GONZALO OTERO SOENGAS

### INTRODUCCION

De todos é sabido como o medio físico e climático determina a flora dunha rexión xeográfica e esta á súa vez determina a fauna que se vai atopar nela.

Como o presente traballo está dirixido ó coñecemento e estudo da nomenclatura da avifauna do concello de Ames, énos necesario facer primeiro unha descrición do medio natural que posibilita a habitación de certas especies orníticas e a aparición de nomes para a súa designación.

Antes de nada debemos ter en conta que o número de especies existentes nun lugar é maior có daquelas ás que se lles dá nome. Estes desaxustes son debidos fundamentalmente a dúas causas:

a) O home común ante varias especies moi semellantes non as sabe distinguir e entón englobaas nunha mesma denominación.

b) Hai especies moi retraídas ou escasas que poucas veces son vistas: como consecuencia, ó non se reparar nelas, raramente reciben nome, a non ser que teñan uns caracteres morfolóxicos moi rechamantes que posibiliten unha denominación inequívoca.

Paradoxicamente unha especie pode recibir varios nomes diferentes nun mesmo lugar, motivados, moitas veces, por caracteres morfolóxicos e de conducta moi diferenciados que despois cada quen vai interpretar ó seu xeito á hora de denominala especie. Simultaneamente existe unha grande variación dentro dun mesmo étimo -incluso en lugares relativamente próximos- por corrupcións, interferencias, fenómenos de vacilacións lingüísticas, etc.

## DESCRIPCION XEOGRAFICA

O Concello de Ames ubícase ó suroeste da provincia da Coruña. Está limitado polos términos de Val do Dubra, Santiago, Teo, Brión, Negreira e A Baña. Comprende 11 parroquias: Piñeiro, A Ameixenda, Tapia, Lens, Ames, Agrón, Trasmonte, Covas, Ortoño, Bugallido e Biduído. A capitalidade está en Bertami-ráns. Pertence á comarca natural de Amaña, aínda que as parroquias da Ameixenda e Biduído *stricto sensu* non se poidan encadrar nela.

O clima é de tipo oceánico, moi húmido, con abundantes choivas, rondando os 2.000 mm. anuais. As temperaturas son, durante o inverno, máis baixas cás da costa, e no verán, máis altas; é xaneiro o mes máis frío e agosto o de máis calor. A temperatura media anual sitúase lixeiramente por riba dos 12°C.

Está bañado por dous ríos de certa importancia: o Tambre, ó norte, e o Sar, ó sur; e regado por multitude de pequenos regatos. Esta pequena rede hidrográfica determina a aparición de certas especies orníticas con querencias doceacuíficas: *Alcedo atthis*, *Ardea cinerea*, *Anas platyrhynchos*, *Cinclus cinclus*, etc. que se verán representadas na nomenclatura da zona. A comarca está encadrada por cordais montañosos, que, dada a súa pouca altitude, non dan lugar a ningunha especialización na avifauna do territorio.

O tipo de vexetación predominante depende entre outras cousas da topografía do terreo. Nas zonas altas de montaña dominan os piñeirais e eucaliptais de repoboación; nas zonas máis degradadas aparece o toxo, a xesta e a carroucha. Dentro desta zona montañosa atopamos aves da familia "paridae" e "picidae", sobre todo nos bosques de piñeiros, e *Saxicola torquata*, *Alauda arvensis*, etc. na zona degradada de toxais. Nas partes medias de montaña -nas abas- atopamos terras de cultivo -sobre todo de patacas e millo- misturadas con piñeirais e algunha que outra carballeira sobrevivinte da desforestación de especies autóctonas. Nas leiras atopamos como especies máis representativas: *Acanthis cannabina*, *Emberiza sps.* *Carduelis chloris*, etc. e nas carballeiras: *Streptopelia turtur*, *Garrulus glandarius*, *Certhia brachydactyla*, etc. Por último, nos vales hai terras de labor xunto con pradería onde aparece un grande número de especies comúns e varios hábitats, aínda que como máis representativas, sobre todo de pastos e regados, están *Gallinago gallinago*, *Vanellus vanellus*, *Coturnix coturnix*, etc.



LOCALIDADES ENCUESTADAS  
CONCELLO DE AMES

- |             |                      |                |
|-------------|----------------------|----------------|
| 1 Frenza    | 8 Castiñeiro de Lobo | 15 Ventosa     |
| 2 Folgueira | 9 A Ponte Maceira    | 16 Covas       |
| 3 Lens      | 10 A Insua           | 17 Pedregal    |
| 4 Pedrouzos | 11 Agrón             | 18 Sisalde     |
| 5 Outeiro   | 12 Agarea            | 19 Buceleiras  |
| 6 Quintáns  | 13 Calo              | 20 Eirapedriña |
| 7 Carreira  | 14 Portanxil         | 21 Framil      |
|             |                      | 22 Tarrío      |

### Ficha explicativa

Nº de orde. Nome científico.

Nomes vulgares. Simbología (cando vai mapa). Localidades en número.

Coexistencias.

Comentarios.

#### 1. ACANTHIS CANNABINA

a) *pardillo*: 1, 3, 4, 9, 14, 17, 18, 21 e 22.

b) *millarengo*: 3.

c) *miñorengo*: 9.

Coexistencias: a) e b) en 3; a) e c) en 9.

A voz "pardillo" está espallada por todo o territorio estudado. Alude á cor parda da ave. As voces da familia léxica de "millarengo" están rexistradas ós puntos 3 e 9, próximos entre eles, onde conviven coa voz "pardillo". O nome desta familia léxica máis xeralizado en Galicia é "millerengo". Nesta zona podemos observar como o fonema palatal, lateral /*ʎ*/ transfórmase na voz "miñorengo" no fonema palatal, nasal /*ɲ*/; e na voz "millerengo" o fonema /*g*/ oclusivo, velar, sonoro, enxordeceuse e transformouse no velar, xordo /*k*/, fenómeno este non detectado na fala da zona. Supoñemos que sexa unha realización persoal do informante.

#### 2. ACCIPITER GENTILIS

a) *asor*: 1, 3, 4, 5, 11, 12, 17 e 20.

b) *azor*: 6, 8, 9, 13, 19 e 21.

A oposición destas voces está marcada pola presenza ou ausencia de seseo: "asor" / "azor". 57,14% da primeira e 42,86% da segunda. Os posibles agrupamentos destas oposicións que poida haber non deben verse como de distribución de seseo/non seseo, senón como realización persoal de cada informante, xa que o seseo é a realización natural da zona estudada.

#### 3. ACCIPITER NISUS

a) *ghavilán*: 3 e 20.

A escasez de datos para esta ave vai parella coa situación da mesma: franca rarificación. Os datos apuntan a un 100% de gheada.

## 4. AEGITHALOS CAUDATUS

a) *rabo de culler*: 3, 143, 17, 18 e 19.

Recibe este nome por te-lo rabo longo coma o dunha culler. É de facer notar que os nosos informantes, aínda sabendo que a ave ten o rabo longo, non tiñan conciencia do que indicaba "culler". Hoxe utilizan o castelanismo "cuchara", a non seren os máis vellos.

## 5. ALAUDA ARVENSIS

a) *laberca*: 1, 3, 8, 9, 11, 14, 15, 18, 20, 21 e 22.

b) *laberco*: 4 e 17.

A oposición está na forma masculina/feminina: "laberco" / "laberca". A feminina como pode verse é a máis espallada no territorio estudado. A masculina non parece formar agrupamento de ningún tipo.

## 6. ALCEDO ATTHIS

a) *martín pescador*: 8 e 19.

b) *martiño pescador*: 8.

Coexistencias: a) e b) en 8.

A pesar de que a zona estudada é rica en ríos e regatos de certa entidade, a nomenclatura non aflorou o suficiente. Pensamos que as dúas denominacións aparecidas, a de "martín pescador" pode ser un castelanismo, tendo en conta que existe a forma "martiño pescador" xunto coa anterior nun dos puntos estudados. O adxectivo "pescador" alude á forma de pilla-los peixes que lle serven de alimento.

## 7. ALECTORIS RUFA

a) *perdís*: 1, 3, 19 e 20.

b) *perdiz*: 2, 4, 6, 8, 11, 12, 15, 17 e 21.

A oposición destas dúas formas vén dada pola aparición ou non de seseo. O predominio da forma non seseante se explica polo abundante uso da forma "perdiz" nos medios cinexéticos. 30,76% de seseo fronte a 69,24% de non seseo. Os posibles agrupamentos que poida haber con cada unha das formas non debe interpretarse como de distribución do seseo, senón como realización persoal dos informantes.

## 8. ANAS PLATYRHYNCHOS

a) *pato do río*: 1 e 21.

b) *parrulo do río*: 3.

A pesar dos dous nomes dados, *pato* e *parrulo*, o certo é que nesta zona son perfectamente intercambiables, é dicir, o falante utiliza indistintamente un ou outro en cada momento. O específico "de río" é para diferencialo do "doméstico".

## 9. APUS APUS

a) *tijereta*: 3.

b) *vensello*: 4.

c) *vencello*: 20.

Tres voces. Dúas opóñense pola aparición ou non de seseo: *vensello/vencello*. 50% de seseo. A terceira é un castelanismo que responde á forma de "tijera" da súa cola.

## 10. ARDEA CINEREA

a) *gharsa*: 1, 3, 20 e 21.

b) *garsa*: 4 e 11.

Como pode verse, existen dúas formas, unha con seseo e gheada e outra soamente con seseo. Cremos -comparando con outros términos estudados- que o falante desta zona ten máis conciencia da posible "inorrección" da gheada ca do seseo, así aparece esta forma híbrida de "garsa". Formas con gheada 66,66%, sen gheada 33,33%. Formas con seseo 100%. Os posibles agrupamentos destas voces non deben interpretarse como de distribución de gheada ou seseo, senón como realizacións persoais dos nosos informantes.

## 11. ATHENE NOCTUA

a) *moucho*: 1, 2, 3, 4, 6, 9, 11, 12, 15, 16, 17, 18, 19, 20 e 21.

Polo número de información pode deducirse a popularidade desta ave. Unanimemente unha mesma forma.

## 12. BUTEO BUTEO

a) *miñato*: 1, 2, 3, 4, 8, 9, 11, 12, 13, 15, 16, 17, 18, 19, 20 e 21.

b) *miñata*: 6.

c) *gaia*: 2 e 14.

d) *ghaia*: 19, 20 e 21.

Coexistencias: a) e c) en 2; a) e d) en 19, 20 e 21.

Temos aquí dúas familias léxicas "miñato" / "miñata" en oposición masculino / feminino; e "gaia" / "ghaia" en oposición non gheada / gheada. A primeira familia é a que está máis amplamente distribuída, a segunda convive coa primeira en catro dos cinco lugares onde se rexistrou a voz. Isto fainos sospeitar que a pesar de identificárennola como *Buteo buteo*, debe referirse a algunha outra ave de rapina semellante. O nome "ghaia" alude ó seu berro. Forma con gheada 80%, sen gheada 20%.

## 13. CARDUELIS CARDUELIS

- a) *xilgaro* O: 2, 5, 8 e 12.
- b) *xilgharo* O: 3, 4, 11, 19, 20, 21 e 22.
- c) *xilgheiro* X: 6, 9, 16 e 18.
- d) *jilguero*: 7 e 17.
- e) *xilgueiro* X: 14.

Facemos aquí tres grupos: o primeiro formado pola oposición gheada / non gheada das formas "xilgharo" / "xilgaro"; a segunda igualmente coas voces "xilgheiro" / "xilgueiro"; e o terceiro co castelanismo "jilguero". As formas do segundo grupo parecen estar máis espalladas polo centro da zona estudada, mentres que as do primeiro aparecen no norte e na parte sur. Formas con gheada, sen ter en conta o castelanismo "jilguero", 68,75%, sen gheada 31,25%.

## 14. CARDUELIS CHLORIS

- a) *verderolo*: 1, 4, 5, 17, 20 e 21.
- b) *verderola*: 2, 4, 7, 9, 11, 12, 14 e 18.
- c) *verderol*: 6, 8, 13, 15, 16 e 22.
- d) *verdeirón*: 14.
- e) *verdeirola*: 19.

Coexistencias: a) e b) en 4; b) e d) en 14.

Tódolos nomes fan referencia á color verde da ave. Podemos formar dous grupos: o primeiro polas voces "verderol" / "verderolo" / "verderola"; o segundo, por "verdeirón" / "verdeirola". Á vista dos datos parece que a forma "verderol" aparece con maior concentración na parte central da zona estudada. A forma "verderola" é maioritaria con respecto a cada unha das outras.

## 15. CARDUELIS SPINUS

- a) *pito bravo*: 3.
- b) *canario*: 5, 8, 10, 12, 17, 18, 19 e 20.
- c) *canario silvestre*: 21.

Cos nomes desta especie podemos facer tres grupos: o primeiro formado pola voz "canario", que nunca se refiriu ó *Serinus canaria* ou "canario doméstico", aínda que tamén lle chaman así, senón ó *Carduelis spinus*. A relación entrámbolos dous é de lonxano parecido físico. O segundo grupo aparece cos adxectivos "silvestre" e "bravo" que realza e aclara a diferenza co "doméstico". Por último témo-la voz "pito bravo"; o primeiro término fai referencia á seu piúdo, e o segundo ó seu vivir silvestre.

#### 16. CERTHIA BRACHYDACTYLA

- a) *subecarballos*: 3 e 12.
- b) *trepacarballos*: 13.
- c) *pico rastreiro*: 17.
- d) *ghancholín*: 20.

Todos estes nomes fan referencia á particularidade que ten esta ave para aganchar, trepar, rubir ou rastrear polos toros das árbores en busca da súa manutención. Nos nomes compostos en que aparece a voz "carballo", hai que ter en conta que nesta zona non só é o *Quercus ruber* senón por extensión calquera outra árbore. O nome *ghancholín* fai alusión a que a ave "aghancha" polos toros das árbores. É unha forma con gheada. O nome "pico rastreiro" refírese a dúas particularidades moi sobresaíntes: ó seu peteiro longo, fino e curvo e ó arrastrarse polo toro das árbores de arriba para abaixo.

#### 17. CICONIA CICONIA

- a) *cigoña*: 8.

Vese esporadicamente na zona en voo errático. A falta de nomenclatura é un claro expoñente da súa rareza. A falta de gheada nesta voz, cremos é debida á influencia da súa homónima castelá, tan oída nos medios de comunicación.

#### 18. CINCLUS CINCLUS

- a) *merlo troiteiro*: 2, 4, 11 e 14.
- b) *melro arrieiro*: 3.
- c) *melro rieiro*: 3.
- d) *melro troiteiro*: 9.
- e) *melra arrieira*: 9.

Coexistencias: b) e c) en 3; d) e e) en 9.

A oposición destes nomes está no xenérico "merlo" e a súa metátese "melro"; e os específicos "rieiro" / "troiteiro". As primeiras formas de ambas oposicións ocupan a zona máis norteña e as segundas as sureñas. O específico "rieiro" fai referencia ó hábitat da ave, o río; e o específico "troiteiro" á súa alimentación

na que inclúe troitas. O xenérico "merlo" alude á súa semellanza co seu homónimo *Turdus merula*. (Vid. número 63).

#### 19. CIRCUS PYGARGUS

- a) *rapiña*: 2, 10 e 17.
- b) *ave rapiña*: 3, 11 e 12.

A voz "ave de rapiña" é xeralmente un nome xenérico de tódalas aves que se adican á rapina. En grandes zonas de Galicia, e aquí tamén, designan unha especie determinada, o *Circus Pygargus*, sempre que os nomes constituíntes vaian sen nexo preposicional. Nótese que a voz é "ave rapiña" ou "rapiña"; non, "ave DE rapiña".

#### 20. COLUMBA LIVIA (variedade doméstica)

- a) *paloma*: 1, 2, 4, 5, 6, 8, 11, 12 e 20.
- b) *pomba*: 19.

Como pode verse a forma castelá "paloma" desprazou totalmente -a non ser nun punto- á galega "pomba". Isto ocorre xeralmente coas denominacións de aves moi coñecidas, sobre todo con aquelas que aparecen a miúdo nos libros escolares, etc.

#### 21. COLUMBA PALUMBUS

- a) *paloma brava* Δ: 1 e 22.
- b) *pombo* O: 2, 4, 6, 7, 8, 11, 16, 20 e 21.
- c) *paloma trucasa* X: 3.
- d) *torcasa* X: 4 e 20.
- e) *paloma turcasa* X: 5, 9 e 20.
- f) *turcasa* X: 11, 12, 13, 14, 17 e 19.
- g) *turcaz* X: 11.
- h) *paloma torcasa* X: 21.

Coexistencias: b) e d) en 4; b), f) e g) en 11; b), e) e d) en 20; b) e h) en 21.

Con estas voces podemos facer tres grupos: o primeiro formado pola voz "pombo" que parece estar máis concentrada na zona leste do territorio, aínda que con coexistencias. O segundo formado coa voz seseante "torcasa" e as súas numerosas variantes que ocupan o occidente da zona, con puntos de coexistencia. O terceiro grupo formado pola voz "paloma brava".

A numerosa presenza da voz "paloma" no segundo e terceiro grupos indica o grao de penetración do vocábulo castelán no Concello. Sen embargo a súa variante "pombo" segue viva, quizais por especializarse na denominación dunha especie ben determinada e coñecida.

A palabra "torcasa" e variantes cremos que pode vir dunhas manchas en forma de torques que ten no pescozo a especie estudiada.

A distribución das voces a que facemos referencia ten certo interés xa que veñen a completar e afina-la distribución que dan Pedreira e Penas no seu traballo "Nomes galegos das aves dos xéneros "Streptopelia" e "Columba" (Vid. bibliografía) en canto á confluencia das áreas *pombo/torcasa*.

## 22. CORVUS CORONE

a) *corvo*: 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 10, 11, 12, 13, 14, 15, 16, 17, 18, 19, 21 e 22.

Ave perfectamente coñecida dos nosos informantes. Sempre foi identificada como *Corvus corone*.

## 23. COTURNIX COTURNIX

a) *cotornisa* □: 1.

b) *paspalleta* X: 1, 11, 12, 13, 17 e 20.

c) *codornís* O: 3.

d) *paspallasa* Δ: 3, 4, 6, 7, 8, 10, 15, 17, 18, 19, 20 e 21.

e) *codorniz* O: 4, 6, 14, 15, 16, 19 e 20.

f) *paspallás* +: 9 e 22.

g) *paspallosa* ♯: 20.

Coexistencias: a) e b) en 1; c) e d) en 3; d) e e) en 4, 6, 15 e 19; b) e d) en 17; b), e) e g) en 20.

Con estas voces podemos facer dous grupos: o primeiro coa voz "paspallasa" e variantes; o segundo, coa voz "codorniz" e as súas. As formas primeiras esténdense por todo o territorio; as segundas aparecen sempre coexistindo coas primeiras, agás en dous casos. Isto dános pe para pensar, e cremos non equivocarnos, que as voces xenuinamente galegas son as do primeiro grupo, e as do segundo son introducidas sobre todo por influencia dos cazadores.

En canto ás voces do primeiro grupo, a forma "paspalleta" parece encadrarse sobre todo na parte oeste, aínda que con coexistencias. Tódalas voces deste grupo son onomatopeicas do canto da ave.

Formas con seseo 22,22%, sen seseo 77,78%. Unha vez máis vemos como en vocablos referidos a aves de caza as formas con seseo ou gheada diminúen apreciablemente.

## 24. CUCULUS CANORUS

a) *cuco*: 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 11, 12, 13, 14, 15, 17, 18, 19, 20, 21 e 22.

b) *cucú*: 11.

Coexistencias: a) e b) en 11.

A oposición está entre a forma *cuco/cucú*, esta última menos espallada. Ámbalas dúas voces fan referencia ó canto da ave.

## 25. DENDROCOPOS MAIOR

a) *peto real* X: 3, 13, 17 e 18.

b) *cabalo relenchón* O: 6.

c) *cabalo rinchón* O: 8.

A voz "cabalo" xunto co seu específico, fai referencia ó rincho que dá a ave, semellante ó dun cabalo. A voz "peto" alude ó hábito de golpear "petar" co peteiro no toro das árbores.

A oposición dos adxectivos "relenchón" e "real" responde á necesidade de singularizalo con respecto a outras especies semellantes.

A distribución das voces parece ser clara: "cabalo relenchón" e variantes ó leste e "peto real" ó oeste.

Ten interés o estudio destas voces pois vén a completa-lo traballo de Pedreira e Penas (Vid. bibliografía: "Nomes galegos de aves "piciformes"") ó afina-la distribución das voces *peto/cabalo rinchón* que confluían por esta zona. (Vid. números 25.1 e 52).

### 25.1. DENDROCOPOS MAIOR

#### PICUS VIRIDIS

a) *peto* X: 1, 2, 3, 4, 5, 6, 9, 10, 11, 12, 14, 15, 16, 18, 19, 20, 21 e 22.

b) *paxaro carpinteiro* O: 2, 16, 19 e 20.

Coexistencias: a) e b) en 2, 16, 19 e 20.

Vemos aquí unha forma maioritaria "peto" con respecto a outra coexistencia minoritaria "paxaro carpinteiro". A primeira fai referencia a "petar" e a segunda ó feito de traballa-la ave co seu peteiro facendo buratos circulares coma se fose un carpinteiro.

Ámbolos dous nomes aplícanse indistintamente ás dúas especies que encabezan a ficha, a non ser nos puntos 3, 6 e 18 que designa ó *Picus viridis*, xa que o *Dendrocopos maior* nesos puntos é "peto" a secas (Vid. números 25 e 52).

A forma "paxaro carpinteiro" aparece sempre coexistindo con "peto", pero está confinada na zona leste do Concello.

### 26. DOLICHON URBICA

#### HIRUNDO RUSTICA

a) *gholondrina*: 1, 3, 5, 6, 14, 19 e 20.

b) *golondrina*: 4, 8, 9, 10, 11, 12, 15, 16, 17, 18 e 21.

c) *anduriña*: 20.

Coexistencias: a) e c) en 20.

Unicamente rexistramos unha voz autenticamente galega: "anduriña". O resto non é máis que a castelá "golondrina", con ou sen gheada. Con gheada aparece un 33,33% e sen gheada un 66,67%. O predominio da forma sen gheada cremos é debida á influencia dos libros escolares, onde aparece abundantemente.

Como pode verse, designa a dúas especies diferentes aínda que fisicamente semellantes.

Os posibles agrupamentos de gheada/non gheada que poida haber non deben verse como distribución da gheada, senón como realización individual do informante.

#### 27. EMBERIZA SP.

a) *escribienta*: 1.

b) *escribenta*: 3, 5, 8, 9, 10, 11, 12, 14, 17, 18, 19, 20 e 21.

c) *escribano*: 22.

Denomínanse con estes vocablos -cando non van acompañados dun específico- tres aves do xénero "emberiza": *Emberiza cia*, *E. citrinella* e *E. cirlus*. Sen embargo hai que ter en conta que no punto 3 unicamente pode designar ás dúas primeiras especies xa que a última recibe o específico de "real" (Vid. número 28). O nome "escribenta" predominante é xenuinamente galego, os outros son simples castelanismos.

O nome alude ós seus ovos que aparecen cunhas riscas semellantes a letras coma se foran escritos.

#### 28. EMBERIZA CIRLUS

a) *escribenta real*: 3.

O nome "escribenta" é xenérico con respecto a varias especies. A voz "real" é un específico que a diferencia de tódalas outras "escribentas". Chámase así por poñe-los ovos como escritos.

#### 29. ERITHACUS RUBECULA

a) *peifoque* X: 2, 3, 4, 6, 7, 8, 9, 11, 12, 14, 15, 18, 19, 20 e 21.

b) *peifoco* Δ: 5, 16 e 20.

c) *paporrubio* O: 20 e 22.

Coexistencias: a), b) e c) en 20.

Podemos agrupar estas voces en dous conxuntos: o primeiro formado por "peifoque" / "peifoco"; o segundo, por "paporrubio". Este último limítase ó sur do Concello, mentres que o primeiro é o máis extendido sobre todo na forma "peifoque". "Paporrubio" alude ó seu papo de color rubia.

A distribución destes términos confirma e afina esta zona como de confluencia que xa se aprecia nos traballos de Pedreira e Penas (Vid. bibliografía: "Nomes galegos do *Erithacus rubecula* e do *Troglodytes troglodytes*") sobre esta especie.

## 30. FALCO PEREGRINUS

a) *falcón*: 14.

A escasez de datos para esta ave vai parella coa situación da mesma: franca rarificación.

## 31. FALCO TINNUNCULUS

a) *lagarteiro X*: 1, 3, 16, 20 e 22.

b) *lagarteiro X*: 2, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 11, 12, 13, 14, 15 e 17.

c) *lagarteira O*: 18, 19 e 20.

d) *lagarteira O*: 21.

Coexistencias: a) e c) en 20.

A oposición destes nomes está en "lagarteiro" / "lagarteira", masculino/femenino. Os outros son formas con ou sen gheada.

O nome fai referencia á súa maior querencia, dentro dos seus hábitos alimentarios, polos lagartos.

As formas femininas agrúpanse claramente ó sur do Concello. As formas con gheada representan un 31,81%, mentres que as sen gheada son o 68,19%. Cremos que o predominio das formas sen gheada é debido á influencia da voz castelá "lagarto" moi extendida pola zona.

## 32. FRINGILLA COELEBS

a) *chinchona X*: 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 10, 11, 12, 15 e 17.

b) *pimpín O*: 10 e 17.

c) *chinchón +*: 14, 15 e 21.

d) *chincheiraΔ*: 18, 19, 20 e 21.

Coexistencias: a) e b) en 10 e 17; a) e c) en 15; c) e d) en 21.

Podemos facer con estas voces dous grupos: o primeiro está composto por "chinchona" / "chinchón" / "chincheira"; a primeira voz ocupa o norte do Concello e é a máis numerosa, a segunda ocupa o centro e a terceira o sur.

O segundo grupo fórmoo o vocable "pimpín", distribuído irregularmente.

Tódalas voces fan referencia ó canto da ave.

É interesante confrontar estes datos cos recollidos por Pedreira e Penas (Vid. bibliografía: "Nomes galegos das aves da familia *fringillidae*") xa que os afinan, e confirman como un lugar de confluencia esta zona.

## 33. GALERIDA CRISTATA

a) *cotovío*: 17.

A pesar de ser unha ave relativamente abundante e facilmente vista, a escasez de datos pode estrañar se non se sabe que é moi semellante á "laberca" (*Alauda arvensis*), ave moito máis popular, coa cal é confundida moi a miúdo.

## 34. GALLINAGO GALLINAGO

a) *aguaneta* O: 1, 4 e 21.

b) *cabra do aire* X: 2, 3, 4, 10, 11, 17 e 20.

c) *cabra* X: 6 e 9.

d) *aguaneta* O: 8 e 20.

e) *cruza do aire* X: 14.

f) *cabuxa do aire* X: 18.

Coexistencias: a) e b) en 4; b) e d) en 20.

Podemos agrupar estas voces en dous apartados: "cabra do aire" e similares e "aguaneta" e os seus. A voz "aguaneta" parece estar máis representada na zona leste, aínda que con coexistencias. A voz "cabra do aire", ó oeste. O término "cabra do aire" fai referencia a unha especie de berro, semellante ó dunha cabra, que producí esta ave coas plumas rectrices externas da cola ó lanzarse en voo cara abaixo. Esta conducta realizada en época de celo e ó anoitecer é a que dá orixe ó seu nome. A voz "cabuxa" é equivalente a "cabra" e a súa explicación responde ós mesmos presupostos desta. O xenérico "cruza" e unha síncope de "curuxa" pero non se refire á "curuxa" propiamente dita, *Tyto alba*, senón á especie estudiada, interferencia motivada por anda-la primeira pola noite e a segunda produci-lo seu característico berro ó anoitecer.

O vocable "aguaneta" alude á súa querencia polas zonas acuosas. As máis das persoas cren que a "aguaneta" e a "cabra do aire" son dúas especies diferentes; co primeiro nome recoñécena durante o día como peza de caza e á noite non a ven e só a denominan polo seu berro, pero sen identificala.

A voz con gheada aparece nun 60%, sen gheada nun 40%.

## 35. GALLINULA CHLOROPUS

a) *ghaliña de río*: 1 e 21.

b) *ghaliña do río*: 13.

Formas semellantes a non se-la aparición de artigo na segunda. Voz con gheada nun 100%.

## 36. GARRULUS GLANDARIUS

- a) *pegha mansa*: 1, 10 e 21.
- b) *pegha marsa*: 3, 6, 15, 17, 18 e 19.
- c) *pega marsa*: 8, 9, 13 e 14.
- d) *pega mansa*: 12.
- e) *pegha marza*: 20.
- f) *pegha marxa*: 22.

Aparecen aquí formas con e sen gheada no xenérico, 68,75% para aquelas e 31,25% para estas. En canto ó específico témo-las formas: "marsa" / "marza" / "marxa" / "mansa". A primeira e forma seseante da segunda forma "marza", e "marxa" é unha variante. En canto á forma "mansa" pensamos que é unha corrupción de "marsa" motivada pola existencia doutra especie co mesmo nome xenérico e un específico antónimo "pega brava" (*Pica pica*). Sobre a oposición "pega brava" / "pega mansa" temos que, de catro puntos onde se recolle este último nome, en dous é oposto a "pega brava", nun a "pega" a secas e noutro a "pega rabuda", o que parece avala-la nosa hipótese.

As formas con seseo representan un 93,34% sobre un 6,66% das non seseantes.

## 37. JYNX TORQUILLA

- a) *reviracabezas*: 13.

Os únicos datos que aporta o informante son que é unha ave capaz de revirar totalmente a cabeza, que é semellante a un gorrión e algo máis grande ca este. Coidamos que pode se-lo *Jynx torquilla*, ave non doada de ver.

## 38. LARUS SP.

- a) *ghaviota*: 2, 3, 20, 21 e 22.
- b) *gaviota*: 11, 16 e 19.
- c) *gaivota*: 8 e 14.

Unicamente en dous puntos vémo-la forma xenuína galega "gaivota". No resto alterna a forma castelá "gaviota" con ou sen gheada. A forma castelá sen gheada vaise introducindo paulatinamente. Isto ocorre sobre todo coas palabras que denominan as especies máis populares. 50% con gheada, 50% sen gheada.

Reciben este nome tódalas especies do xénero "larus" que poden aparecer na zona.

## 39. LUSCINIA MEGARHYNCHOS

- a) *nuiñeñor*: 5, 12 e 19.

Os informantes aportan unicamente o dato de que canta moi ben. Dada a grande dificultade que presenta esta especie para a identificación e ó denominala os informantes cun nome dubidosamente galego, parécenos que é un nome recollido de oídas, que para eles non ten identidade física.

#### 40. MOTACILLA ALBA

a) *lavandeira*: 1, 2, 3, 4, 5, 6, 8, 9, 10, 11, 12, 13, 14, 15, 16, 17, 18, 20, 21 e 22.

Ave sumamente coñecida como se desprende da encuesta. Cando aparece o nome "lavandeira" sen acompañamento dun específico refírese sempre á *Motacilla alba*. O nome fai referencia á súa querencia polos lugares provistos de auga.

#### 41. MOTACILLA CINEREA

a) *lavandeira real*: 3.

O específico "real" indícanos que é unha especie diferente da anterior que é a "lavandeira" a secas.

#### 42. NUMENIUS ARQUATA

a) *masarico*: 18 e 19.

A escasez de datos está motivada por ser ave máis ben marítima, aínda que pode verse en lugares encharcados e beiras dos ríos. E voz seseante.

#### 43. ORIOLUS ORIOLUS

a) *vichelocregho*: 3 e 21.

b) *vichelocrego*: 4, 9 e 18.

c) *paxaro do crego*: 5, 6 e 8.

d) *viches o crego*: 11.

e) *bicho do crego*: 12, 13 e 17.

f) *vicholocregho*: 20.

A forma orixinaria estaría formada pola voz "vichelocregho" de clara orixe onomatopeica do canto da ave, interpretado como un interrogativo ¿viche-lo crego?. Desta forma pasamos a unha reinterpretación do vocábulo ó que se lle engadiu a voz "paxaro" para indicar que era unha ave "paxaro do crego"; esta voz domina na parte central do Concello.

A forma "vicholocregho" con troque do "e" por "o" na segunda sílaba, desposeendo de sentido á palabra, é interesante pois nos permite explicala voz "bicho do crego" que aparece na zona oeste central. O hipotético paso sería:

vichelocregho > vicholocregho > bicho do crego,

en que a segunda forma, ó perde-lo significado, abriu as portas a unha reinterpretación.

As formas con gheada representan un 46,15% e as sen gheada un 53,85%.

#### 44. PARUS ATER

a) *picafollla*: 2, 4, 5, 6, 9, 10, 11, 12, 13, 15, 17, 19 e 20.

b) *picafollas*: 3, 7, 8 e 14.

A oposición destes nomes está nas formas con ou sen morfema de plural. O nome refírese ó hábito da ave de andar brincando e peteirando de folla en folla en procura da súa mantenza a base, sobre todo, de insectos e gromos.

#### 45. PARUS CAERULEUS

a) *ferreiro*: 9, 11, 19 e 20.

b) *ferreiriño*: 13 e 17.

Ambolos dous términos fan referencia ó seu canto semellante ó bater dun ferreiro na zafra.

#### 46. PARUS CRISTATUS

a) *moñudo*: 20.

O nome fai alusión a unha pequena crista ou moño que ten na cabeza. A escasez de datos está en relación co coñecemento da especie; non escasea, pero si é difícil de apreciar polo seu pequeno tamaño e continuo rebulir.

#### 47. PARUS MAIOR

a) *masansuco* X: 5, 19 e 20.

b) *carbueira* O: 9.

c) *carboneiro* O: 14.

d) *masuco* X: 20.

e) *mazanzuco* X: 21.

f) *maceiredo* X: 22.

Coexistencias: a) e b) en 20.

A oposición destas voces está na familia léxica das relativas a "mazanzuco" / e a da familia léxica relativa a "carboneiro". A primeira familia fai referencia á "mazanceira" (árbore froiteira) onde fan o niño e andan a peniscar nos gromos que xunto cos insectos son a base da súa alimentación. A voz "carboneiro" e a súa familia refírese á súa cabeza, colo, papo e peito negros coma un carbón.

Hai que dicir que a voz "mazanzuco" e derivados, noutros lugares designan outra especie (*Fringilla coelebs*) (Vid. bibliografía: "Nomes galegos das aves da familia *fringillidae*", de Pedreira e Penas).

Voces con seseo 66,66%, sen seseo 33,34%.

#### 48. PASSER DOMESTICUS

a) *ghorrión*: 1, 3, 5, 14, 18, 19, 20, 21 e 22.

b) *gorrión*: 4, 6, 7, 8, 10, 11, 12, 13, 15 e 17.

A oposición está entre as formas con gheada / sen gheada. Para a primeira un 47,36% e para a segunda un 52,64%. Como imos vendo nas aves máis populares o seseo e a gheada perden terreo.

#### 49. PETRONIA PETRONIA

a) *gorrión pión*: 9 e 17.

Ave pouco común. Os datos recollidos fan referencia a unha característica ben acusada desta especie: o seu canto. No tocante a esta voz queremos deixar constancia das nosas dúbidas con respecto á súa correcta identificación.

#### 50. PHYLLOSCOPUS COLLYBITA

a) *mosquiteiro*: 9 e 14.

b) *mosqueiro*: 20.

Recibe estes nomes pola súa alimentación a base de moscas, mosquitos e outros insectos.

#### 51. PICA PICA

a) *pegha brava*: 1, 11 e 21.

b) *pegha*: 2, 4, 5, 6, 7, 10, 15, 16 e 18.

c) *pegha rabuda*: 3 e 20.

d) *pega rabilonga*: 8 e 13.

e) *pega rabuda*: 9 e 12.

f) *pega brava*: 14.

g) *pegha rabilonga*: 17, 20 e 22.

h) *pegha de rabo longo*: 19.

Coexistencias: c) e g) en 20.

O nome xenérico opónse nas formas con gheada / non gheada, a primeira cun 82,60% e a segunda cun 17,40%. No específico podemos atopar tres oposicións "rabilonga" / "rabuda" / "brava", coas variantes de cada unha delas. As dúas primeiras formas fan referencia á cola longa da especie estudada. A voz "rabi-

longa" xamais aparece con gheada, o que corrobora o dito por Ramón Lorenzo sobre o galego da comarca estudiada (Vid. bibliografía "Contribución al léxico gallego"): "la geada no existe en el grupo "ng" entre las personas que hablan bien el dialecto". O específico "brava" oponse a "mansa" que aparece co xenérico "pega" para denominar ó *Garrulus glandarius* (Vid. número 36).

## 52. PICUS VIRIDIS

a) *peto limón*: 13 e 17.

A conxunción destes dous nomes identifica plenamente á especie. O primeiro nome fai referencia ó golpeteo co peteiro nos toros das árbores e o segundo á color verde limón do seu corpo. (Vid. números 25 e 25.1).

## 53. PRUNELLA MODULARIS

a) *azulenta*: 14, 17 e 21.

Curiosa forma sen seseo. Quizais influída pola voz "azul", xa sen seseo na zona por influxo do castelán. O nome fai referencia á color azul dos ovos desta especie.

## 54. PYRRHULA PYRRHULA

a) *cardenal*: 20.

b) *peitorroxo*: 21.

Esta especie de colorido moi rechamante e moderadamente esquiva é pouco coñecida dos nosos informantes. Os dous nomes recollidos aluden ó seu peito de color rosa carmín intensa, semellante ó hábito dun cardeal.

## 55. SAXICOLA TORQUATA

a) *chasco* X: 1, 2, 3, 5, 6, 7, 8, 9, 10, 11, 12, 14, 16 e 17.

b) *chasca* O: 4, 18, 19, 20 e 21.

A oposición destas voces está nas formas masculino/feminino: "chasco" / "chasca", con maior abundancia da primeira. A segunda está confinada á zona sur do Concello.

A abundancia de datos fálanos da popularidade da ave. O nome é onomatopéico do seu canto.

## 56. SCOLOPAX RUSTICOLA

a) *arsea*: 1.

b) *arcea*: 3, 8 e 21.

A oposición destas voces está entre a forma seseante fronte á non seseante: "arsea" / "arcea". A primeira cun 25%, e a segunda cun 75%. É posible que a maioría da forma non seseante veña determinada por ser unha peza de caza e polo tanto dentro do léxico dos cazadores de tódolos ambientes que inflúen grandemente na nomenclatura ornitocinexética dun lugar.

## 57. SERINUS SERINUS

- a) *xiringas* X: 1.
- b) *xirina* X: 8 e 14.
- c) *verdín* O: 9, 14 e 17.
- d) *xerín* X: 18, 19 e 22.
- e) *xiril* X: 20.

Coexistencias: b) e d) en 14.

Aquí debemos ve-la oposición entre "verdín", que parece estar localizado ó oeste da zona, e "xirín" coas súas variantes. O primeiro nome alude á color verdosa da ave e o segundo ten moita analoxía co seu canto.

## 58. STREPTOPELIA TURTUR

- a) *rula*: 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 11, 12, 13, 14, 15, 17, 18, 19, 20, 21 e 22.

Designación unánime en toda a zona estudiada. Ave sumamente coñecida como se pode apreciar na encuesta.

## 59. STURNUS UNICOLOR

- a) *estornillo* X: 3, 5, 6, 7, 8, 9, 11, 14, 16, 17, 18, 19, 20, 21 e 22.

- b) *estorniño* O: 5, 11, 12, 13 e 14.

Coexistencias: a) e b) en 5, 11 e 14.

Atopamos aquí dúas formas claramente diferenciadas. A forma "estorniño" minoritaria e confinada na zona occidental do Concello, e a forma "estornillo" espallada polo resto.

## 60. SYLVIA ATRICAPILLA

- a) *papuda*: 3 e 9.

- b) *papona*: 17.

Tódalas voces recollidas fan referencia ó papo da ave de color máis ou menos branca intensa. Nos datos recollidos foi identificada sempre como *Sylvia atricapilla*.

## 61. TROGLODYTES TROGLODYTES

a) *carriso*: 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 14, 15, 16, 17, 18, 19, 21 e 22.

b) *carrizo*: 8, 9, 10 e 13.

c) *carrisa*: 20.

A oposición que presentan estas voces está entre a forma masculina e feminina: "carriso" / "carrisa" e as mesmas sen seseo. Formas con seseo 80,95%, sen seseo 19,05%.

Constatámo-la forma "carrisa" que aparecía xa nos traballos de Pedreira e Penas (Vid. bibliografía: "Nomes galegos do *Erithacus rubecula* e do *Troglodytes troglodytes*") como forma illada dos agrupamentos para o conxunto de toda Galicia.

## 62. TURDUS SP.

a) *tordo*: 3, 5, 6, 8, 13, 14, 21 e 22.

b) *torda*: 9 e 20.

A oposición destes términos está entre as formas masculina / feminina. Designanse con este nome catro especies do xénero "turdus" que poden verse na zona estudada durante algunhas estacións do ano: *Turdus philomelos*, *T. viscivorus*, *T. pilaris* e *T. iliacus*.

## 63. TURDUS MERULA

a) *melro* O: 1, 3, 9 e 11.

b) *merlo* X: 2, 4, 5, 6, 7, 8, 10, 12, 13, 14, 15, 16, 17, 18, 19, 20, 21 e 22.

Como pode verse é unha das aves mellor coñecidas na zona estudada. A variedade de voces vén dada por "merlo" e a súa metátese "melro". A forma con metátese aparece no norte do Concello; as formas sen ela, espalladas polo resto. (Vid. número 18).

## 64. TYTO ALBA

a) *curuxa*: 1, 9, 13, 15, 16, 17 e 21.

b) *cruxa*: 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 12, 18 e 20.

A oposición entre estas voces está en "curuxa" e a súa síncopa "cruxa". Debemos sinalar que na zona estudada existe o topónimo "Cruxeiras" na parroquia de Ames, onde tódalas voces recollidas apuntan a "cruxa".

## 65. UPUFA EPOPS

a) *bubela*: 1, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 10, 11, 12, 15, 17, 19, 20, 21 e 22.

b) *abubela*: 2, 11 e 16.

Coexistencias: a) e b) en 11.

A oposición destas voces está nas formas "bubela" / "abubela". A segunda é unha prótase da primeira. A voz é onomatopeica do seu canto, interpretado como un *bub-bub*.

## 66. VANELLUS VANELLUS

a) *galo mariño*: 2 e 8.

b) *galo marino*: 5.

c) *ghalo mariño*: 6, 19, 20 e 21.

d) *avefría*: 22.

A oposición de términos vén dada por "avefría" / "galo mariño" e por esta última con gheada. O nome "avefría" explícanos os nosos informantes por vir en migración cando vai moito frío. O término "galo mariño" explícanos por que lle gusta andar por zonas acuáticas ou empozadas. Como pode verse, o vocábulo "avefría" é totalmente minoritario.

As formas con gheada predominan, cun 57,14%, sobre as sen gheada, 42,86%.

## 67.

a) *cascarexiño*: 2, 5, 11 e 20.

b) *cascarixiña*: 19.

Aínda que o noso propósito era recolle-los nomes das aves silvestres, déronnos esta voz que non eramos quen de identificar. Nun traballo de Ramón Lorenzo sobre esta comarca (Vid. bibliografía: "Contribución al léxico gallego") aparece a voz "cascarexar" = cacarexar; entón tiña que ser unha ave que cacarexara. Con este dato non nos foi moi difícil indagar ata chegarmos á completa identificación: era a galiña pequena de corral comunmente coñecida cos nomes de "quico", "quícaro" ou "quiquiriquí".

A forma "cascarixiña" procede do vocábulo "cascarexiña" con harmonización vocálica do "e" da terceira sílaba.

## CONCLUSIONS

Recolléronse 185 voces que corresponden a 67 especies; algunhas destas voces, poucas, aplícanse a todo un xénero.

En canto ós fenómenos lingüísticos de gheada e seseo podemos dicir que están amplamente distribuídos, pero queremos sinalalo grao de imposición que teñen neste momento. Para iso tomámo-las voces deste traballo susceptibles de poderen aparecer con ou sen gheada ou seseo e déronno-los seguintes resultados:

GHEADA		
Nº de voces susceptibles de gheada	178	%
Con gheada	97	54,49
Sen gheada	81	45,51
SESEO		
Nº de voces susceptibles de seseo	94	%
Con seseo	58	61,70
Sen seseo	36	38,30

Como pode verse polo exame comparativo de ámbolos dous cadros, o seseo está máis presente cá gheada, quizais porque se teña desta un concepto maior de incorrección. En todo caso, vese que ambos fenómenos están en vías de regresión, xa que neste momento case se aproximan ó 50% de con/sen ditos fenómenos.

Esta regresión vese palpablemente nas voces, que estamos a comentar, referidas á aves de caza, como a perdiz, codorniz (aínda que non sexa forma propiamente galega), arcea, etc. en que xa se ve que ditos fenómenos son xa minoritarios porcentualmente comparados cos das táboas anteriores e mesmo por debaixo do 50%. Isto mesmo ocorre con outras voces de aves moi coñecidas que aparecen nos medios de comunicación abundantemente; referímonos ás voces comúns ó galego e ó castelán en que se poidan da-los fenómenos de que falamos, v.g. "gorrión".


Sobre os castellanismos podemos dicir que aparecen nas especies máis comúns, pero -isto é de notar- unicamente naquelas especies das cales se fala moito nos medios de comunicación, tales como libros de texto, contos, da natureza, poesía, etc.; TV, cine, etc. Como exemplo témo-las voces "paloma" que desprazou totalmente á autóctona galega "pomba" e "golondrina" por "anduriña" que está no mesmo caso, etc.

Hai que indicar tamén que aínda que en moitos mapas do presente traballo non aparecen agrupacións claras de distribucións de voces, ás veces isto é aparente, xa que nun ámbito xeográfico tan limitado non é doado apreciarlas se non é comparándoas con mapas de zonas limítrofes que teñan realizados estudos deste tipo. Isto puidémolo constatar con especies como o *Dendrocopos maior*, *Picus viridis*, *Columba palumbus*, *Erithacus rubecula*, etc. que aparecen nos traballos de nomenclatura de aves de Pedreira e Penas (Vid. bibliografía).


## BIBLIOGRAFIA

- Lorenzo Vázquez, R.: "Contribución al léxico gallego: Palabras de Amaía y aledaños", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 24/72-73-74 (1964), 172-93.
- : "Contribución al léxico gallego", *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*, 25, 3-4 (1969), 211-50.
- Pedreira López, C., e Penas Patiño, X.M.: "Nomes galegos do *Erithacus rubecula* e do *Troglodytes troglodytes*", *Verba*, 2 (1975), 295-305.
- : "Nomes galegos das aves do xénero "Streptopelia" e "Columba"", *Verba*, 3 (1976), 347-356.
- : "Nomes galegos de aves piciformes", *Verba*, 4 (1977), 343-354.
- : "Nomes galegos das aves da familia *fringillidae*", *Verba*, 7 (1980), 355-77.
- : *Guía das Aves de Galicia*, Vigo, Galaxia, 1980.
- Río Barja, F.: "El valle de la Mahía", *Boletín de la Universidad Compostelana*, 70 (1982).


nº 13. *Carduelis carduelis*




nº 21. *Columba palumbus*




nº 22. *Coturnix coturnix*




nº 25. *Dendrocopos maior*




nº 25.1. *Dendrocopos maior*  
*Picus viridis*




nº 29. *Erithacus rubecula*




nº 31. *Falco tinnunculus*




nº 32. *Fringilla coelebs*




nº 34. Gallinago gallinago




nº 47 Parus maior



nº 55. Saxicola torquata



nº 57. Serinus serinus



nº 59. *Sturnus unicolor*

nº 63. *Turdus merula*

